

# FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

## Conexións surrealistas. Colmeiro, Granell e o surrealismo no exilio

22 xuño - 10 setembro, 2023

22 junio - 10 septiembre, 2023



Manuel Colmeiro. *Surrealismo (Escenas de guerra)*, 1937-38



Eugenio Granell. *Autodecapitación*, 1948 ca.

O proxecto "Conexións surrealistas. Colmeiro, Granell e o Surrealismo no exilio" pretende unha lectura do impacto do movemento surrealista na obra do pintor Manuel Colmeiro nas décadas dos trinta e corenta e mostrar os puntos de conexión coa obra de Eugenio Granell, pintor da mesma xeración e figura de referencia do surrealismo desde os anos corenta, ambos con traxectorias vitais marcadas polo exilio e pola súa presenza en América Latina.

Como pano de fondo destas afinidades estéticas está o contexto do exilio republicano en América, que une ambos os pintores, e a relación coa diáspora que provoca en figuras centrais do

El proyecto "Conexiones surrealistas. Colmeiro, Granell y el Surrealismo en el exilio" pretende una lectura sobre el impacto del movimiento surrealista en la obra del pintor Manuel Colmeiro en las décadas de los treinta y los cuarenta y mostrar los puntos de conexión con la obra de Eugenio Granell, pintor de la misma generación y figura de referencia del surrealismo desde los años cuarenta, ambos con trayectorias vitales marcadas por el exilio y por su presencia en América Latina.

Como paño de fondo de estas afinidades estéticas está el contexto del exilio republicano en América, que une a ambos pintores, y la



Fundación EUGENIO GRANELL



CONCELLO DE SANTIAGO



CONSORCIO DE SANTIAGO

Asociación de Amigos de COLMEIRO



REDE DE MUSEOS CONCELLO DE VIGO Casa das Artes



CONCELLO DE VIGO



XUNTA DE GALICIA



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

surrealismo a caída de Francia en 1940 en mans dos nazis, un éxodo de artistas e intelectuais que, como é coñecido, tivo un singular impacto nos Estados Unidos e en México. A presenza na mostra de obras e documentos de André Breton, André Masson, Wilfredo Lam, Wolfgang Paalen, Esteban Francés, Óscar Domínguez, César Moro ou Roberto Matta, todas da Colección Granell, evidencia esta enleada e fructífera rede de ligazóns que tivo unha importancia fundamental na evolución da arte, sobre todo nos anos da Segunda Guerra Mundial.

Na diáspora americana, e neste contexto xenérico, Colmeiro e Granell partillan preocupacións sociais e certos puntos e procesos de evolución comúns, dentro dunhas linguaxes e propostas fortemente persoais. Viven o exilio en xeral como unha realidade conflictiva, tentando tamén a integración nunha realidade nova na cal irremediabelmente teñen que realizar o seu labor. Esta integración vai acompañada dun esforzo actualizador das súas linguaxes, ligado ao contexto internacional e ao americano en particular.

Entre as obras de Colmeiro destaca a serie de cabezas de ahogados que foron elaboradas nunha linguaxe cos ecos surreais, que o artista xa ensaiara en obras de comezos da década dos trinta, e que será ben común na arte de guerra no bando republicano, nestas obras renova, adaptadas á nova situación, a ligazón entre o mundo intelectual republicano e galeguista e o mundo popular, representado agora nas figuras das vítimas da guerra.

En Granell, como en Colmeiro, tamén aparecen nos anos corenta cabezas exentas, velaí o seu *Autorretrato* (1944), dun estilo figurativo que salienta a cabeza en primeiro plano e un fondo con decoración amébrica que se combina co onirismo da figura. Nesta liña do retrato surrealista, entendido como proxección dos desexos e ao tempo como reflexo/desdoblamiento do eu, Granell realiza obras como *Autorretrato de indio* (1945) en que as referencias formais a Picasso son evidentes mais interpretadas cunha sólida ligazón ao mundo indíxena, que se manifesta nos trazos físicos e nos pormenores étnicos.

Carlos L. Bernárdez  
Comisario

relación con la diáspora que provoca en figuras centrales del surrealismo la caída de Francia en 1940 en manos de los nazis, un éxodo de artistas e intelectuales que, como se conoce, tuvo un singular impacto en los Estados Unidos y en México. La presencia en la muestra de obras y documentos de André Breton, André Masson, Wilfredo Lam, Wolfgang Paalen, Esteban Francés, Óscar Domínguez, César Moro o Roberto Matta, todas de la Colección Granell, evidencia esta conglomerada y fructífera red de enlaces que tuvo una importancia fundamental en la evolución del arte, sobre todo, en los años de la Segunda Guerra Mundial.

En la diáspora americana, y en este contexto genérico, Colmeiro y Granell comparten preocupaciones sociales y ciertos puntos y procesos evolutivos comunes, dentro de unos lenguajes y propuestas fuertemente personales. Viven el exilio en general como una realidad conflictiva, tratando también de integrarse en una realidad nueva en la cual irremediabelmente tienen que realizar su labor. Esta integración va acompañada de un esfuerzo actualizador de sus lenguajes, ligado al contexto internacional y al americano en particular.

Entre las obras de Colmeiro destaca la serie de cabezas de ahogados que fueron elaboradas en un lenguaje con los ecos surreales, que el artista ya había ensayado en obras a comienzos de la década de los treinta, y que sería bien común en el arte de la guerra en el bando republicano. En estas obras renueva, adaptándose a la nueva situación, el enlace entre el mundo intelectual republicano y galleguista y el mundo popular, representado ahora en las figuras de las víctimas de la guerra.

En Granell como en Colmeiro, también aparecen en los años cuarenta cabezas exentas, como se aprecia en su *Autorretrato* (1944), de un estilo figurativo que destaca la cabeza en primer plano y un fondo con decoración amébrica que se combina con el onirismo de la figura. Sobre esta línea de retrato surrealista, entendido como proyección de los deseos y del tiempo como reflejo/desdoblamiento del "yo", Granell realiza obras como *Autorretrato de indio* (1945) en el que las referencias formales a Picasso son evidentes e interpretadas con un sólido vínculo con el mundo indígena, que se manifiesta en los trazos físicos y en los pormenores étnicos.

Carlos L. Bernárdez  
Comisario